

# QUE HISTORIA MÁIS BESTA, MINIMONI!

Rocio Bonilla





Había unha vez, hai moito moito tempo, unha terra de boa xente.  
Vivían en paz, cultivaban os campos e coidaban dos seus rabaños.

O rei gobernaba o pobo con bondade e sabedoría.  
Mais un bo día -ou un mal día, segundo se mire- apareceu unha besta terrible.



Aquel dragón enorme e feroz esixíaalles que lle desen cada día unha res para acalmar a súa fame inesgotable.

Se non o facían, ameazaba con comer a poboación e destruír o castelo co lume que brotaba das súas mandíbulas.